



CUALIFICACIÓN POR RÚBRICAS



Un exemplo de rúbrica



	COMPETENCIA TEXTUAL E DISCURSIVA	DEFICIENTE: 0	INSUFICIENTE: 1	BEN: 2	NOTABLE: 3	EXCELENTE: 4
Equivalen ao 40 % da cualificación.	ADECUACIÓN Afecta á calidade do texto que usa un estilo apropiado para comunicar unha idea.	Non consegue o obxectivo comunicativo. Non contén a información prevista. O rexistro é inadecuado e non se presenta de maneira correcta.	Só consegue parcialmente o obxectivo comunicativo. Non contén toda a información e o estilo é parcialmente inadecuado e/ou preséntase de maneira incorrecta.	Faltas leves de adecuación. Consegue o obxectivo comunicativo pero con algunhas deficiencias. Falta algunha información e presenta algunha incorrección no estilo.	O texto é adecuado pero podería mellorar e perfeccionar algún aspecto sobre o obxectivo comunicativo, sobre a información e o estilo.	O texto é completamente adecuado. Consegue comunicar con claridade e contén a información prevista. O rexistro é adecuado e preséntase de maneira correcta.
	COHERENCIA Ten que ver coa selección adecuada da información e a súa organización ou estrutura textual correcta (partes: introdución, desenvolvemento e conclusión).	O texto está desorganizado, presentado confusións e repeticións innecesarias; as ideas non están desenvolvidas e contén información irrelevante.	Non está ben organizada aínda que se entende. Confusión e repeticións innecesarias, pobreza de ideas e información irrelevante.	Está ben organizado pero podería mellorar a estrutura (párrafo e ideas). Contén algunha repetición innecesaria.	O texto está ben organizado e non contén repeticións nin é confuso.	O texto está ben organizado e expresa con moita claridade o sentido das ideas que pretende incluír.
	COHESIÓN A cohesión é a propiedade do texto que conecta as diferentes palabras, oracións e párrafos mediante certos mecanismos que se denominan procedementos ou formas de cohesión: referencia a elementos anteriores, elipse, conectores de ideas ou párrafos...	O texto non está cohesionado en absoluto. Conectores insuficientes ou inapropiados e graves erros na puntuación.	Non está cohesionado aínda que se entende. Conectores incorrectos algúns erros no uso da puntuación (+3)	O texto está cohesionado pero ten algún erro nalgún conector. Erros de puntuación(-3)	O texto está cohesionado e ten 1 erro de puntuación.	O texto está moi cohesionado e non ten ningún erro de puntuación.
Equivale ao 60 % da cualificación.	ARGUMENTACIÓN Atende á organización da argumentación, clase de argumentos e validez das aportacións persoais.	A argumentación é claramente insuficiente e desorganizada. Sen ideas persoais.	A argumentación é confusa pero realízase o esforzo de recurrir a algunha estratexia. Non é convincente. Sen ideas persoais nin proximidade.	A argumentación é correcta sendo a información, o exemplo ou caso apropiados e relevantes; é suficiente; pero a trama non está ben relacionada nin é completamente convincente. Sen proximidade.	A información, o exemplo ou o caso é apropiado e relevante; é suficiente; trama ben relacionada e xustificada pero non analiza casos contrarios e refuta e tampouco alude a casos ou novas próximas; é convincente.	A información, o exemplo ou o caso é apropiado e relevante; é suficiente; recorre a algunha autoridade no tema; trama ben relacionada e xustificada; analiza casos contrarios e refuta; é convincente. Proximidade coa experiencia do alumnado.

By IES Aquis Celenis

Cando creamos unha tarefa, no apartado de cualificación seleccionamos “Rúbrica” (por defecto aparece “Cualificación directa simple”)



The image shows a configuration form for a task. It contains several dropdown menus and checkboxes. The 'Método de cualificación' dropdown is highlighted with a blue arrow and contains the text 'Rúbrica'. Other fields include 'Cualificación' (100), 'Categoría de cualificación' (Sen categoría), 'Ocultar identidade' (Non), 'Usar workflow de avaliadores' (Non), and 'Usar asignación de avaliadores' (Non).

Cualificación	100
Método de cualificación ?	Rúbrica
Categoría de cualificación ?	Sen categoría
Ocultar identidade ?	Non
Usar workflow de avaliadores ?	Non
Usar asignación de avaliadores ?	Non



Se temos definidas as categorías definidas, xa poderíamos engadilas

Cualificación avanzada: rubica (Entregas)

Cambiar o método activo de cualificación a




← Escoller

[Definir un novo formulario de cualificación desde cero](#)



[Crear un novo formulario de cualificación a partir dun modelo](#)

Teña en conta que o formulario de cualificación avanzada non está preparado neste momento. Empregarase o método de cualificación simple ata que formulario teña un estado correcto.



Avísanos que mentres non teñamos definida a rúbrica, para a cualificación da tarefa farase empregando o método de cualificación simple

Dámoslle o nome á rúbrica que estamos deseñando

Nome* Procura de información

Descrición

Párrafo **B** *I* ☰ ☷ 🔗 🔗 🔗 🖼️ 🎥 📄

Esta rúbrica empregárase para os traballos de investigación e redacción.

Engadimos os seguintes criterios, a modo de exemplo:

- Contido (40%)
- Redacción (30%)
- Ortografía (30%)



niveis

criterios

Pulsamos nas diferentes casillas para establecer un criterio ou un nivel



Poderíanos definila así




Asigna puntuación →

Rúbrica					
Contido	0 puntos	Non se entregou o traballo.	Presentáronse poucos temas pero os que se presentaron foron tratados con moita profundidade.	Presentáronse a maior parte dos temas pero sen profundizar o suficiente	Presentáronse todos os aspectos e lugares relevantes coa profundidade requirida
		0 puntos	1 puntos	2 puntos	4 puntos
		0 puntos	1 puntos	2 puntos	4 puntos
Redacción	0 puntos	Non se entregou o traballo.	A redacción non é boa. Non se expresan correctamente as ideas desde un punto de vista lingüístico.	A redacción é clara e precisa.	
		0 puntos	1.5 puntos	3 puntos	
		0 puntos	1.5 puntos	3 puntos	
Ortografía	0 puntos	Máis de 5 faltas de ortografía	Entre 3 e 5 faltas de ortografía	1 ou 2 faltas de ortografía	Sen faltas de ortografía
		0 puntos	1 puntos	2 puntos	3 puntos
		0 puntos	1 puntos	2 puntos	3 puntos

Engadir criterio




Unha vez gardada, podemos corrixila facendo clic en Administración -> Cualificación avanzada -> Definir rúbrica



O estudante fai entrega da tarefa encomendada, subindo unha presentación, ou respondendo en liña, por exemplo




O docente procede a avaliar



Visita cultural

 o camiño de santiago

 Ver/cualificar todas as entregas

Seleccionar	Imaxe do usuario	Nome / Apellido	Enderezo de correo	Institución	Estado	Cualificación
<input type="checkbox"/>						
<input type="checkbox"/>		NOMAL APE 01	NOMAL.APE.01@edu.xunta.es	C1402025	Entregado	

Clic nas diferentes celas para asignar a puntuación asociada do devandito nivel (queda en cor verde a cela seleccionada)

Cualificación

Cualificación:	Contido	Non se entregou <i>0 puntos</i>	Presentáronse poucos temas pero con moita profundidade <i>1 puntos</i>	Presentáronse a maioría dos temas sen profundizar o suficiente <i>2 puntos</i>	Presentáronse aspectos e lugares relevantes coa profundidade requerida <i>4 puntos</i>
	Redacción	Non se entregou o traballo <i>0 puntos</i>	A redacción non é boa. Non se expresan correctamene as ideas. <i>1.5 puntos</i>	A redacción é clara e precisa. <i>3 puntos</i>	
	Ortografía	Máis de 5 faltas de ortografía <i>0 puntos</i>	De 3 a 5 faltas de ortografía. <i>1 puntos</i>	Entre 1 e 3 faltas de ortografía. <i>2 puntos</i>	Sen faltas faltas de ortografía. <i>3 puntos</i>

↑
clic

Neste exemplo o alumno foi cualificado con $(4+3+2)=9$ puntos sobre 10. Como na cualificación da tarefa deixamos 100, no informe de cualificación amosarase unha puntuación global de 90/100

Comentarios. Debemos aproveitalos para facer un reforzo positivo

Comentarios

Párrafo **B** *I* [Listas] [Enlaces] [Imaxe] [Vídeo]

Moi ben!. Bo traballo.

Debes de prestar atención ás faltas de ortografía




E así quedaría o informe de cualificacións

		tecnoloxía
Apelido ▲ Nome		o camiño de santiago
 NOMAL APE 01		90,00
Media xeral		90,00



Licencia

Esta obra, elaborada por AMTEGA, está bajo una licencia Reconocimiento-CompartirIgual 3.0 España de Creative Commons.



Para ver una copia de la licencia, visite:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/es/>

